

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 183

INFORME

A Universidade de Santiago reemprende a actividade académica

A.C.R.

O día 3 de outubro pasado tivo lugar a inauguración oficial do novo curso académico da Universidade de Santiago. No seu decurso o profesor Florencio Arce, o seu secretario xeral, deu lectura a memoria do pasado curso académico destacando entre outros aspectos a celebración do proceso de elección dos diversos órganos de goberno da Universidade, para dar cumprimento aos novos Estatutos, e a constitución dos novos 64 departamentos universitarios. Estes son agora, segundo o art. 11 dos Estatutos, os órganos básicos encargados da organización e desenvolvemento do ensino e da investigación nos distintos centros universitarios, estando constituídos por áreas de coñecemento científico, técnico ou artístico que agrupan a tódolos docentes e investigadores de xeito que as súas especialidades se correspondan con tais áreas. Xunto aos Departamentos e como estrutura básica están tamén os Institutos Universitarios. Para a organización das ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos académicos e da xestión administrativa deles, a Universidade esta ademais integrada polas clases de centros seguintes: Facultades, Escolas Técnicas Superiores, Escolas Universitarias, Colexios Universitarios e Escolas de Especialización Profesional.

Segundo a memoria presentada, a Universidade contou o pasado curso con 40.879 alumnos, dos que 25.390 pertencían ás facultades e escolas técnicas superiores; 4.748 aos colexios universitarios e 10.741 a escolas universitarias, estando integrado o profesorado por un conxunto de 1.570 docentes e investigadores, entre numerarios, interinos e contratados, coñecendo un proceso de incremento do profesorado numerario, coñecendo un proceso de incremento do profesorado numerario: proceso que se verá fortemente impulsado no presente curso académico.

No campo da investigación, resaltouse a defensa de 103 teses de doutoramento, cifra que duplicou case o número das defendidas no curso anterior.

Para o presente curso académico, os presupostos acadarán un total de 8.200 millóns de pesetas e unha matrícula próxima aos 45.000 alumnos, dos que case 8.000 acceden por vez primeira aos estudos universitarios. Neste curso, os alumnos pagarán en concepto de matrícula un promedio de 50.000 pesetas nas carreiras experimentais e unhas 40.000 nas demais carreiras, a excepción dos 7.000 estudantes universitarios con becas do INAPE. A eles sumaranse perto de 500 estudantes, para os que está previsto dispoñer de cetros de baixo inte-



O ambiente estudiantil voltou a Compostela.

NOVOA

res a amortizar unha vez acadado o título académico e conquirido o primeiro posto de traballo, por mor da política de bolsas escomenzada polo Rectorado da Universidade, a través dos acordos establecidos con distintas entidades bancarias e institucións públicas.

No presente curso académico comenarán a funcionar dous novos centros universitarios: a Escola de Informática de A Coruña e a Escola de Estudos Empresariales de Ourense, acadándose así a cifra de 34 centros universitarios, distribuídos entre os cinco campus de Galicia, cunha oferta de 24 titulacións diferentes. Ademais, as facultades de Físicas e de Filosofía e CC. da Educación estraen novos edificios sitos no campus compostelano.

Durante o primeiro trimestre deste curso, o equipo rectoral propónse levar a cabo a reestructuración de plantilla, a posta en marcha da infraestrutura de apoio ao terceiro ciclo de estudos, a planificación dos estudos de postgraduados, o establecemento de canles de

información e orientación aos estudantes de BUP e COU, a reestructuración do ICE, e o establecemento de plans de reciclaxe para o profesorado de ensino medio e universitario.

Dentro das preocupacións xerais de toda a comunidade universitaria van estar no presente curso o poñer en pleno funcionamento docente e investigador aos distintos departamentos que conectan en moitos casos a profesores de distintos campus de toda Galicia: poñer en marcha por vez primeira os estudos de terceiro ciclo á cargo dos propios departamentos, a reforma dos plans de estudos e as novas titulacións, a intensificación da investigación e o acadamento dunha maior interacción universidade-sociedade.

O claustro da Universidade, onde hai voces críticas cara a diversos aspectos da xestión administrativa e política universitaria do actual equipo rectoral, vai estar moi atento, xunto aos aspectos anteriores, a aqueles outros referidos ás condicións de traballo e estabilidade profesional.

OPINION

No comenzo

CARLOS PAJARES

A topámonos no comenzo dun novo curso universitario, en medio de todo un proceso de transformación da nosa Universidade. O que de positivo temos acadado, ven da entrega dos universitarios que sen cala-las críticas sobre o que non vai ben, están exercendo o seu labor nas nosas aulas, laboratorios e bibliotecas coa esperanza de pertencer a unha Universidade teimosa de cumprir o máximo desenvolvemento das súas potencialidades como centro de ensino e de investigación no contexto das máis dinámicas institucións académicas europeas. Neste senso, hai índices imparciais comparativos con outras universidades españolas e extraxeiras polo que nalgúns aspectos docentes e investigadores podemos estar orgullosos de pertencer á Universidade galega, a pesar de algunhas disfuncións reais que aínda sufrimos. Moitos son os desafíos que temos por diante, e moitos deles pódense resumir en acadar unha maior relación coa Sociedade galega a que pertence, que a sostén e para a cal debe traballar. A Universidade non quere pecharse sobre si mesma, por iso estamos ansiosos de ter o Consello Social, órgano importante da Universidade onde a maioría e de fóra da Universidade. Tamén queremos seguir co proceso de descentralización da Universidade. Descentralización, que significa acerca-la oferta universitaria onde está a demanda, e dentro dun modelo universitario concebido de tal xeito que a docencia máis a investigación non se resinta por elo. Na polémica existente sobre do número de Universidades que debe ter Galicia, os cidadáns deben coñecer que non por ser máis elevado dito número, obterán un número maior de centros na súa cidade. A Universidade, neste proceso descentralizador escomenza este ano o primeiro curso da Escola de Informática na Coruña, o primeiro da Escola de Empresarias en Ourense, o segundo curso da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación en Vigo, o terceiro curso da Facultade de Veterinaria en Lugo. Ollamos xa no inmediato futuro do vindeiro curso a apertura de novos centros. A Sociedade tamén debe coñecer-lo esforzo que todo isto representa, e axudar e colaborar coa Universidade. Estou seguro, que a empresa que é a Universidade galega, con arredor de 45.000 estudantes, 1.650 profesores e perto de 1.000 persoas de administración e servizos, este ano tamén se esforzará para que cada vez sexa máis unha Universidade cientificamente actualizada e socialmente comprometida.

Carlos Pajares é Rector da Universidade de Santiago.

INFORME

Universidade Sur, Norte, Este e Oeste

A.C.R.

Cando xa parecía que amainaran certos plantexamentos localistas en torno á creación de novas universidades públicas en Galicia, nos últimos meses estamos a observar o seu reverdecemento. Polo que parece nos próximos tempos mesmo imos coñecer a intensificación nas distintas tomas de posición e debate sobre a cuestión do modelo territorial do Ensino Superior en Galicia.

Ata o momento, os propios estudos técnicos e de planificación abordados desde os órganos directivos da Universidade de Santiago, elaborados polo que parece con rigor e seriedade, non parecen aconsellar a creación de novas universidades en Galicia. Criar unha Universidade cun profesorado ben formado e capacitado científica e técnica-mente, con servizos de toda caste, con centros de investigación, cun amplo conxunto de Departamento, con instalacións adecuadas é hoxe unha operación que esixe, cando menos, moito tempo. Pensemos que a Universidade de Santiago actualmente ronda os 8.000 millóns de pesetas segundo os seus últimos presupostos. Constituir, en serio, unha Universidade é algo que leva moitos anos.

Atentos, sen embargo, á realidade territorial de Galicia, a súa realidade poboacional e produtiva, como tamén as demandas e necesidades de formación aconséllase unha política de descentralización da universidade de Santiago e o fortalecemento dos campus xa neste momento establecidos, o que significa crear si facultades, escolas, institutos superiores e centros de investigación nos diversos campus de acordo coas demandas formativas, as liñas de especialización produtiva do entorno, as perspectivas de emprego e a conexión xeral entre formación, investigación e necesidades sociais e de desenvolvemento, pero mantendo unha política universitaria de formación e de investigación non dispersa, o que po-



A Universidade ten signado concertos cos concellos. Nesta imaxe o rector Carlos Pajares asigna un documento xunto ó alcalde vigués Manoel Soto.

NOVOA

dería darse no caso da existencia de varias universidades en Galicia, e ao contrario ben articulada, cohexionada e sólida, como forma de que nunha sociedade abondo desarticulada como a galega e con tan amplas necesidades de desenvolvemento científico e técnico, a Universidade poida realizar unha contribución verdadeiramente relevante.

As actuais perspectivas de desenvolvemento da Universidade de Santiago, de cada vez máis a Universidade de Galicia, a política de creación descentralizada de centros que se está a seguir, poida que discutibel nalgúns extremos, a concentración de esforzos de todo tipo e o seu uso racionalizado e planificado pode xenerar un beneficio cultural importante para o País. Este é unha alternativa.

Enfrente, co apoio da Consellería de Educación, en todo caso órgano político

lexitimado, e suscitado fundamentalmente polas burguesías locais da cidade de A Coruña e de Vigo plantéxase a posibilidade e a conveniencia (¿social?, ¿territorial?) de crear novas universidades en Galicia. Fanse pesar ao respecto os razonamentos demográficos; atendendo ao total de poboación de Galicia, ao seu asentamento e comparativamente con como se actuou noutras comunidades do Estado, salientase que a Galicia correspondíanlle tres universidades, sen dar creto necesario a unha política de descentralización da Universidade de Santiago.

Varias son tamén por exemplo as chamadas universidades en Andalucía, cheas de deficiencias, dubiosamente capaces para asumir seriamente algunhas das competencias e funcións que a sociedade lles encarrega, asolagadas pola precariedade económica e penuria nas súas dotacións de diverso tipo.

O terceiro ciclo: os estudos de doutoramento

Segundo o art. 174 e seguintes dos Estatutos da Universidade a obtención do título de doctor suporá a superación dos estudos de terceiro ciclo a realización e defensa pública dunha tese de doutoramento.

Os estudos de terceiro ciclo terán unha duración mínima de dous anos académicos, realizándose baixo a dirección e responsabilidade académica dun ou varios Departamentos da Universidade, podendo acceder a tais estudos ao estar en posesión dos títulos de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

Tamén poderán ser considerados como alumnos de terceiro ciclo todos aqueles licenciados que se atopen realizando a tese de doutoramento ou tesina de licenciatura, cunha adicación a tal traballo dun mínimo de vinte horas semanais.

Os Consellos de Departamento asignarán aos estudantes de terceiro ciclo un profesor tutor, a quen lle corresponderá a orientación dos traballos realizados polo(s) estudante(s) a él asignados, así como a autorización expresa para seguir cursos ou programas por parte dos estudantes de entre os non incluídos no seu programa de doutoramento...



E a primeira vez que os estudos de terceiro ciclo ponse en marcha na Universidade de Santiago.

- CAMESELLE

Os estudantes de terceiro ciclo poderán propor denantes do remate do seu programa de formación un proxecto de tese de doutoramento, que será sometido ao Consello de Departamento para a súa aprobación e comunicación a comisión de doutoramento.

Dado que é a primeira vez que os estudos de terceiro ciclo se poñen en marcha na Universidade de Santiago, a matrícula aos citados cursos abrirase no mes de Nadal próximo, para o que previamente se dará toda a información a través dos medios de comunicación.

Santiago, cidade nova

A.C.R.

O venerabel museo de pedra que é a cidade de Santiago, conviñese hoxe día 6 de outubro nunha grande cidade nova por mor dos miles de mozos e mozas que andan as súas ruas, nun día de sol extraordinario. Mentras escribo sube da rúa un fondo rumor de grupos que celebran os seus reencontros. Apertas, bicos e longos ríos de cor das roupas novas por todas partes.

Santiago recibe con ledicia esta invasión moza e a cidade cobra unha nova vitalidade e novos ritmos, tanto polo día como pola noite, pois que hoxe unha boa parte da cidade non dormirá ata ben entrada á anoitecida.

Porén, a cidade non é moi agradecida con esta inxección. A carestía da vida, dos pisos e dos servizos é xa un mal endémico co que apandan os estudantes e as familias de toda Galicia, que se ven obrigadas a facer altos desenvolvementos económicos. Por outra parte estílese un ranking realmente alto de vida, prohibitivo para aqueles estudantes universitarios procedentes de medios populares. Esta é tamén a outra verdade do inicio da actividade académica universitaria. E diante dela compren actuacións urxentes por parte das diversas administracións públicas implicadas no desenvolvemento universitario.

Faltan evidentemente servizos universitarios que faciliten o estudo e a formación. Consentes delo as autoridades universitarias veñen facendo un serio esforzo de planificación, racionalización e mellora.

Máis isto non é todo. E máis doado estudar se hai un ambiente en un entorno que o faciliten.

Por exemplo unha política de aloxamentos e outros servizos ao estudante. Como indicaba o rector Carlos Pajares: "a precariedade e dificultade do aloxamento, mal xa endémica na cidade de Santiago e que pode chegar axiña a outros campus da nosa Universidade. As vítimas principais desta situación son os estudantes, pero tamén os profesores e o persoal de administración e servizos que non atopan vivendas accesibles na cidade, convertida pola máis fera das especulacións nunha das máis caras de toda Europa. Este problema, é de xusticia recoñecelo, trascende con moito as posibilidades da institución universitaria, que non conta nin cos medios, nin dispón de operatividade legal para transformala faciana urbanística da cidade. A universidade obtivo o chan da actual residencia do Burgo e planificou un complexo de residencias universitarias para duplicar polo menos o número de prazas. Eu querería que as institucións que verdadeiramente teñen responsabilidade na cuestión se pregunten que fixeron, se é que fixeron algo, para axudar a resolver este grave problema".

E así poderíamos seguir con outras situacións problemáticas, máis non é do caso agora mesmo.

A cidade foi tomada polos mozos. Tamén a eles lles pedimos unha compostura. Aquí viven outros moitos cidadáns con moi diversas ocupacións e preocupacións, cos seus ritmos máis pousados e tamén merecen un respecto. Que non se diga.

TRIBUNA

Los maestros abandonan la Universidad

ANTONIO TOVAR RODRIGUEZ

La llegada del mes de octubre, inmersos ya en este otoño que promete ser "calentito", nos depara una nueva sorpresa. La Administración socialista, representada en este caso por su secretaria de Estado de Universidades, ha tomado una decisión que no tiene parangón en Europa, si exceptuamos el caso de Francia. A partir del pasado 30 de septiembre, cesan forzadamente en sus cátedras, aquellos profesores que hayan cometido la "friolera" de sesenta y seis años de edad. Esta medida se completará el próximo año con la jubilación "anticipada" de aquellos profesores que hayan cumplido los sesenta y cinco años.

Nuestra universidad parece que debe estar sobrada de recursos y de la colaboración de personas de reconocido y contrastado prestigio y valía, cuando se permite el "lujo" de tomar este tipo de decisiones, separando de sus cátedras a estos profesionales que estaban trabajando a pleno rendimiento en perfecto estado de salud, tanto física como psíquica.

Hombres de ciencia, estudiosos incansables de sus especialidades, trabajadores infatigables de laboratorios y biblioteca, tendrán que decir adiós a sus quehaceres oficiales. A partir del primero de octubre, pasarán a engrosar el número de nuestra población "no productora", ya son viejos, no sirven para trabajar en las facultades, así reza el espíritu del decreto-ley que tiene la "culpa" de esta realidad.

¿Servirán estas medidas para prestigiar nuestra alicaída Universidad? ¿A qué razones obedecerá este desprendimiento "gratuito" de un capital humano de primera magnitud? ¿Existirán razones políticas que justifiquen esta medida? ¿Será cuestión de que en esta oportunidad, los hados no han sido favorables ni propicios a los regentes del clavel y la rosa?

Difícil, se me antoja, encontrar un razonamiento medianamente lógico que difunda un halo de resplandor clarificador acerca de esta anormal situación creada en nuestros foros universitarios.

España, que ya de por sí adolece de recursos propios en tareas de investigación y estudio, no debería desprenderse con tanta facilidad de una parte fundamental de su capital humano. Estamos dando la espalda a la experiencia, a la ciencia, a la humanidad, piénsese, por ejemplo, en los

trabajos desarrollados por Ramón y Cajal, Menéndez Pidal, Severo Ochoa, etc. muchos de ellos publicados y demostrados cuando sus autores se hallaban en plena senectud.

Hombres como Azcárate Ristori, Palacio Atard, Rafael Gilbert, José Luis Píñillos, Francisco López etc. amén de los ya "retirados" Zamora Vicente, Hernández Gil, José Luis Sampedro, etc. deberán recoger sus pertenencias en sus respectivas facultades y seguir trabajando "en casa". ¡Qué pena! Nuestros jóvenes e ilusionadas promociones de universitarios que estrenan "aula mayor", no podrán contar con el apoyo ni con la ayuda de estos hombres eminentemente científicos y comprometidos en su totalidad con sus cátedras que estarían dispuestos a ayudar, asesorar y dirigir los estudios de nuestros futuros "tesinados".

De esta suerte, nuestra Universidad solamente conseguirá "ganar" el desprestigio, perderá la dignidad docente, se favorecerá la pérdida en la calidad de una enseñanza que se había ganado a pulso y a base de un trabajo dilatado y contrastado, inclusive en el extranjero, un puesto de mérito en el concierto internacional.

Esta es la recompensa socialista a la larga formación que requiere la consolidación de un profesor universitario, así se les premia. Cuando lo aconsejable sería contar siempre con la colaboración de este valiosísimo capital humano, ofertándole una jubilación voluntaria, dejándole siempre al "cátedro" la libertad de decisión en este tema. Si se encuentra en unas condiciones físicas y psicológicas aptas para trabajar, facilítesele la posibilidad de continuar en las facultades. Al no tener que trabajar con niños, su desgaste resulta mínimo.

Pretende culpar a la Ley de Medidas Urgentes para la Reforma de la Función Pública de 1984, como la causante de esta situación, responde una miopía injustificada: no sería tampoco justo, pretender achacar los males que aquejan a nuestra Universidad, a una manifestación masiva y masificada del alumnado. Lo auténticamente preocupante resulta que la vulgaridad penetra en nuestras aulas superiores, a costa de unas plazas que forzadamente dejarán libres unos hombres de saber, unos hombres de ciencia, unos hombres de prestigio, que con la llegada del otoño, perderán también algo de su propia existencia. Y es que nuestra Universidad se ha quedado sin sus "maestros" de siempre.

Estar nas nubes

Viraxes nos enfoques literarios

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

Estaba eu a matinar sentadiño nesa xoguetona nube sonrosada, tantas veces testemuña dun quente pasa-las follas dos libros infantís. Estaba eu ben, estaba, cando me veu ás mentes, certo día o mes de Xullo, no que os libreiros deron á literatura infantil a oportunidade de ser escoitado baixo a carpa da Feira do Libro. Non é que houbese moita xente, é certo, pero algúns si que eramos.

Houbo moita máis, non podería ser menos, na rocambolésca presenza dun tal Vizcaino Casas, triste exemplo de pobre consumismo de libros nun país que non le.

Pois ben, cavilando e cavilando, lembreime das verbas ditas aquel día pola admirada M.^a Xosé Queizán. Falaba da literatura infantil esta muller, dun xeito trabucado e influido por aquelas amplas coordenadas dos contos populares. Afirmaba ela a situación na que se atopaba "a muller" en xeral, dentro das narracións tradicionais infantís como poden ser "Carapuchiña vermella", "A cincenta" ou "Blanca Neves" poño por caso. Pezas, por outra banda—digo eu— dun grande valor estético, social, ademais dunha frescura narrativa, que autores coma Perrault, Andersen, Grimm, Hoffman e outros, souberon manter.

E ben sabida a orixe destas narracións, contadas en épocas nas que o concepto de infancia non existía e que eran os adultos os seus destinatarios.

Non vou defender eu aquí estes maravillosos contos de tradición oral. Non o necesitan. Son reflexo dunha época e basta. Penso ademais, que non paga a pena facer determinadas análises neste sentido, entre outras cousas, porque están feitos hai anos. A súa beleza e a súa máxica atracción non teñen dúbida ningunha.

O que non se pode facer é falar dunha literatura infantil machista na sociedade de hoxe, referíndose ás devanditas obras, coma exemplo da tese. Nada máis lonxe da realidade. Na actualidade, calquera neno ou nena, pode atopar libros dos máis diversos tipos nas librerías das cidades. Narracións que rachan con ese carácter moralizante e perigosamente didáctico de hai algúns anos. Baseándose

na literatura dos pobos xermánicos, nórdicos, británicos etc. os nosos autores veñen dando xiros espectaculares á hora de crear obras para nenos. As editoriais poñen en circulación libros dos máis progresistas escritores e escritoras dos países socialmente avanzados, existindo un amplo abano de estilos, temas e posicionamentos de vida para escoller. A condición censora, tan en boga noutras épocas, vai desaparecendo a nivel xeral quedando limitada a prohibicións de carácter meramente personal ou parcial. Certos tons de censura son cuestión xa, de que algúns pais, mestres, colexios, etc. queiran seguir mantendo ós seus fillos ou alumnos, de costas a unha realidade que están vivindo. Será un problema deles.

Pola contra a maioría poderá atopar moitas narracións para rapaces, nas que os pais se reparten as tarefas domésticas, as nenas son protagonistas das historias, a figura do fillo ou filla de solteira aparece cunha naturalidade exemplar, os amores adolescentes cóntanse sen atrancos e calquera clase de relación, ben sexa social, sexual ou afectiva queda exposta sen ningún tipo de restricións.

O mesmo tempo comenza a contemplarse nos contos, un protagonismo real de marxinaos, de nenos que viven situacións duras de miseria e abandono, de xente afectada por variados problemas—nucleares, por exemplo—deixándose xa á beira, o prototipo de héroe convencional. Este é substituído pola figura do rapaz—moitas veces anti-héroe—cunhas características, tanto físicas como raciais ou culturais, ben preto da máis pura normalidade.

Podo chegar máis lonxe. Recordo agora esa preciosa colección da Editorial Lumen, chamada "A prol das nenas", na que en libros tan preciosos coma "Rosa, Caramelo" ou "Arturo e Clementina", Adela Turin e Nella Bosnia dan unha sutil viraxe—xa nas primeiras idades—ó vello concepto de narración infantil, e deixan caer nos textos e nas ilustracións un aire ben fresco de iniciativa feminina sen complexos.

Cando a miña nube rosada comenza a moverse facéndome unhas picaras cóxegas, desexo que Miguel chegase a falar con M.^a Xosé e puidese agasallarlle o libro—coido que foi "Konrad"—que ó remate da "mesa redonda" decidiu mercar para ela.

ANAQUEL

● Rosario ALVAREZ, X. L. REGUEIRA, H. MONTEAGUDO. **Gramática Galega.** Biblioteca básica da cultura galega. Galaxia, Vigo 1986.

Un libro sen dúbida moi esperado. A marxe da polémica, ao parecer inabarcable, sobre a normativización, esta Gramática, redactada por tres destacados membros do Instituto da Lingua Galega (ILG), constitúe unha aportación xa desde hoxe imprescindible ao coñecemento científico do noso idioma, e un instrumento que, polo seu rigor e polo craro e didáctico sistema de distribución das materias, está chamado a ocupar un lugar fundamental na biblioteca de todo ensinante.


● Dereck WALTERS. **Química. Átomos, moléculas, elementos.** Colección "Las Ciencias". Ediciones Generales Anaya.

● Nigel HEMBEST, Heather COOPER. **Física. Materia, enerxía y**



mecánica. Colección "Las Ciencias". Ediciones Generales Anaya.

En tanto o libro de divulgación científica—como tantas outras cousas neste



terreo, desgraciadamente—segue a ter escaso seguimento entre os autores autóctonos, novas editoriais traen ao lector español versións das abundantes e

magníficas coleccións inglesas. Tócale agora o turno a Anaya con esta colección "Las Ciencias", unha introducción sinxela e apoiada en estupendas ilustracións ao apaixonante mundo científico.

● Xabier P. DOCAMPO. **O misterio das badaladas.** Ed. Via Láctea, Santiago, 1986.

Esta noveliña—polo seu tamaño, que non polo seu valor, que é grande, e poída que aínda **moi grande** para o pequeno panorama da nosa literatura infantil—xuvénil—comeza como deben comezar tódalas aventuras: por un misterio. Un misterio tan sorprendente como aparentemente pouco significativo: un reloxo que da trece, en lugar das doce badaladas da hora final do día. Na pescuda deste estrano suceso movilizanse os nenos de Eiranova e o autor fai que se movilice tamén o lector porque este é un libro aberto á súa participación.

Encol dun documento e novos castros en Vigo


XERARDO DASAIRAS

Hai xa algúns anos, e co gallo de estarmos a realizar un traballo variográfico sobre a parroquia de Coruxo, chegou as nosas mans unha reseña documental: concretamente un privilexio real dado en Sarria o 26 de xullo do ano 1228 polo rei Alfonso IX. Este privilexio xa era a confirmación doutro dado o 8 de Nadal do 1152 polo rei Alfonso VII en Carrion.

En ambos documentos faise constar a concesión da Illa de Santisteban (Cies norte) e mais do mosteiro de Coruxo á orde homónima que tiña o seu centro en Celanova. O deslinde que se fai do devandito mosteiro de Coruxo abranxia o territorio da súa xurisdicción e que ven cadrando mais ou menos co que hoxe pertence á actual parroquia do mesmo nome.

Comenzaba o deslinde dende o río Fragoso e iba cara as chamadas "petran narigudam" (petroglifos de termo coa parroquia de Valladares); de aquí, e pasando polos castros "Clausim" e "Carbalosum", seguía até Santa Maria de Liñares (hoxe de San Miguel de Oia) e o lugar chamado "Petrosellas", outra volta na beiramar. Na illa Norte das Cies estivo pois o mosteiro de Santisteban, primeiro eremitorio, e que a finais do século X xa se menciona como tal mosteiro. Este eremitorio atendido polos frades de Coruxo é o que se lle otorga no documento antes reseñado, ao Mosteiro de Celanova. Esta concesión veu dada pola atención que os mesmos frades lle viñan concedendo ao enclave relixioso da Illa.

No ano 1201 o rei Alfonso IX aposentouse alternativamente no cenobio da Illa Sur ou de San Martín e no convento a que nos vimos referindo na Illa de San Esteban ou Norte. Estando na de San Martín concedelle privilexios e franquicias á nova vila de Baiona así como ao Mosteiro de Santa Maria de Oia, poseedor



ARCHIVO
Castros do monte do Castro en Vigo.

nesta data da illa. No ano 1377 os mosteiros de San Esteban e Coruxo pasan a pertencer á Mitra de Tui, por donación feita por Enrique II. O bispado de Tui xa viña controlando a maior parte desta comarca e así as terras de Coruxo son integradas no 1501 na Cámara de Bouzas tamén de Se Tudense. Os litixios entre o arzobispado de Compostela, ordes relixiosas e a Mitra de Tui, son constantes nesta época. No ano 1520 aínda existía o mosteiro de San Esteban pois os representantes do bispo de Tui litixian pola súa propiedade xa que como pertencente a Coruxo tamen o era da Mitra. A finais do século XVI a Illa de San Esteban e de San Martín vironse asaltadas polos piratas que acosaban as provocacións da na, destruindo os corsa-

rios de Drake os mosteiros que había nelas. Na revisión dun apeo feito no ano 1712 consta a reclamación feita polas relixiosas do Convento de Santa Clara sobre a posesión da Illa de San Esteban. Admiten estas relixiosas que a pesar de que no apeo antigo feito en 1555 esta illa pertencía a Cámara de Coruxo dependente do bispado de Tui, a posesión de San Esteban recae en virtude de foros otorgados ás relixiosas do convento da mesma orde e sé central da orde de Santa Clara, en Santiago de Compostela. A resolución do litixio debeu ser a favor do bispado de Tui pois hoxe a Illa aparece como pertencente a Vigo. Seguindo con este comentario ao documento, reducimos as chamadas Pedras Narigudas aos marcos de linde entre Coruxo e Valladares, dos cales temos referencia por documentos do século XVIII co nome de Outeiro das Cruces. A demarcación de xurisdiccions e herdades por este sistema data xa dende os comezos da Idade Media e semella seguir unha tradición demarcatoria anterior pois os clans e xentilidades tallaban nas pedras os seus blasons ou emblemas como sinais demarcatorios. O rei Teodomiro no século VI fixera demarcar os bispados, igrexas e parroquias por vilas e antigos "oppida et civitates". Tamen se usaron para estes deslindes as mámoas (mamolas, arcas petrinas); pedras de distintos tamaños (fitas, fixas, saxum, etc.); pedras con sinais (caracterem, scripta, decorata) con coviñas (burgarios) con ferradura (ferratales) e con cruces. Os valados (aggeres) e montons de pedras (congesta) foron usados no mesmo senso e cando non existía algun dos elementos anteriormente citados. Xa que logo as Pedras Narigudas, sen dúbida e polas cruces e inscricións que nelas aparecían, facían referencia as sinais de termo que vimos xustificando. No mesmo senso xa expli-

cado temos os castros "Clausim" e "Carbalosum". O primeiro atópase no cume do monte que linda coa parroquia de Saiáns e co Concello de Nigrán, sendo o seu nome actual o de Castrochouso (Clausim-Chouso en galego). Perto deste atópase unhas pedras chamadas os Pousos de Xiesta que sen dúbida fan referencia a petroglifos de termo pois os devanditos pousos (de pular a carga) eran marcos usados para sinalar lindes recibindo o nome xenérico de Pousafoles en castro (Carbalosum) que corresponde a actual tomada do Carbaloso. Na parte sur do mesmo e sobre unhas pedras descubrimos o sinal de termo que adopta a forma de cruz insculturada na pedra. Pola banda do norte discurre un regato de auga que metros mais abaixo dalle forza a uns muiños hoxe en desuso. Santa Maria de Liñares que actualmente pertence á parroquia de San Miguel de Oia, estaba situada nas chamadas Barxas de Liñares, casal pertencente ao Mosteiro de Coruxo. Non obstante esta Santa M.^a de Liñares é o lugar coecido na parroquia de Coruxo polo sobrenome de "O Vello". Este Liñares Vello e ao que fai, sen dúbida, referencia o documento que vimos estudando. Neste lugar din que se apareceu a Virxe a até ali iban os produtores de liño a lle ofrendar o produto co fin de obter boa colleita e boa venda do mesmo en Baiona ondeera cargado en barcos para distintos puntos de Europa. O lugar de "Petrosellas" xa na beiramar non existe hoxe mais poidemos constatar a existencia medieval dun lugar chamado Pedrazas situado na mesma zona e que poida ser o mesmo. Finalmente soio cabe realizar un estudo mais sistemático dos castros e lugares localizados, misión que como en outras ocasións temos deixado en mans dos expertos do Departamento de Pre-historia do Museo Municipal "Quiñones de León".

TABOEIRO

Rosa Sensat: Vinte anos

O día 4 de outubro de 1965 començaba a funcionar en Barcelona dun xeito un tanto insólito, a Escola de Mestres Rosa Sensat. Tratábase dunha escola clandestina, que escomenzaba con quince alumnos-mestres sentados arredor dunha mesa de comedor dunha casa particular; quince mestres escoitando as ensinanzas e recibindo a experiencia de outra mestra xa desaparecida. Rosa Sensat, en memoria da cal se lle daba o nome á experiencia.

Desde xeito emprincipia un traballo de balance que coa ocasión dos vinte anos de existencia da Asociación escribiu Marta Mata na revista da UNESCO **Perspectivas**.

Rosa Sensat, a Asociación, puido contar nestes anos xa pasados coa axuda guiadora de mestres e mestrás-pedagogas forzados (a propia Rosa Sensat, Artur Martorell, Alexandre Gali, ...) naquel clima de preocupación pola educación e polas correntes pedagóxicas europeas que se viviu na Cataluña anterior á Gerra Civil. Mais tamén soupo xerar unha nova vitalidade. Como dato curioso, que aporta Marta Mata "pódese facer notar que dos 154 alumnos da Escola d'Estiu de 1966, 104 foron despois profesores e organizadores de outras escolas de vran".

Nestes anos, foise construindo "unha nova escola pública catalana", articulada teórica e practicamente; fíxose unha intensa formación do profesorado, tanto durante o vran como polo inverno; investíuse pedagóxicamente; criáronse varias coleccións editoriais cun alto número de textos, monografía e outros materiais didácticos... Abriéronse novas reflexións e preocupacións atinxentes á psico-socio-pedagogía, a un sistema edu-

cativo sen barreiras, á lingua catalana na escola, á expresión, á matemática, ao coñecemento do medio. ¿Quén, preocupado polo deseño dunha escola galega, non empregou ou emprega algunha documentación elaborada desde Rosa Sensat? Efectivamente, esa é a outra parte do traballo: a territorialización da renovación pedagóxica, a relación con outros profesores do Estado español... e tamén a loita pola democracia e a autonomía.

Hoxe a Asociación Rosa Sensat é certamente unha das realidades pedagóxicas mais serias e o seu abano de preocupacións extenso: creación de material didáctico, espazo de debate, promotora da loita en defensa da escola pública, impulsora da federación catalana de movementos de renovación pedagóxica, editora das publicacións *Perspectiva Escolar*, *In-fancia* e *El Mestre* e mais un denso etcetera.

A. C. R.

A Consellería de Educación e o MEC asinarán dous convenios de educación compensatoria

Dous convenios sobre educación asinarán a Administración central e a autonómica que supoñen unha inversión superior ós 316 millóns de pesetas, segundo autorizou o pasado día 9 de Outubro a "Comisión Delegada del Gobierno para Política Autonómica".

Os dous convenios refírense o ámbito da Educación Compensatoria, programa desenvolvido polo MEC e que para ser apliado nas Comunidades Autónomas con competencias en materia educativa require a realización dun convenio destas coa administración central.

O primeiro dos convenios refírese a dotación de libros escolares e demais material didáctico impreso ós centros incompletos de EXB sostido con fondos públicos, en localidades de ata 10.000 habitantes, o que ven substituír as axudas individualizadas que había ata hoxe para a adquisición do material para os escolares. O convenio ascende a unha cantidade de algo mais de 60 millóns de pesetas que o MEC transferirá a Xunta con cargo os Presupostos xerais do Estado. A asignación que se faga a cada centro "deberá destinarse a adquisición de libros de literatura infantil, libros de texto (mesmo ós cadernos de traballo para o Ciclo Inicial), e outro material para a formación de bibliotecas de aula.

Os centros que reciben estas dotacións recibirán da Administración educativa autonómica as correspondentes orientacións para a selección e utilización dos materiais e para a súa adquisición. Unha comisión paritaria Xunta-Ministerio de Educación avaliará o cumprimento deste convenio antes de que remate o segundo trimestre do presente curso, co fin de estudar prorrogalo para o vindeiro curso.

O segundo dos convenios refírese a realización de actividades de Educación Compensatoria incluídas no artigo 2 do Real Decreto 1.174/1983 de 27 de 1983. Dentro deste programa caben "a constitución de servizos de apoio escolar e centros de recursos" para a asistencia a centros de EXB incompletos ou desfavorecidos, "a incentivación da continuidade do profesorado en centros que teñen vacantes de difícil provisión", "o establecemento de cursos especiais para rapaces de 14 e 15 anos non escolarizados", con obxecto de proporcionarles formación ocupacional e para completala súa formación de EXB, a realización

de campañas de alfabetización, "a creación de modalidades específicas de axudas ao estudio", "a relaización de investimentos en obras e equipamentos" e outra actividades.

Para este segundo convenio a Administración do Estado comprométese a aportar algo mais de 232 millóns de pesetas para gastos correntes e 24 millóns para gastos de capital. Este convenio terá vixencia ata o 30 de Setembro de 1987 e poderá ser prorrogado, en función da memoria avaliadora elaborada por unha Comisión paritaria Xunta-Administración Central, que vixilará o cumprimento do convenio.

Premios extraordinarios de Bacharelato

Os alumnos de Centros Públicos e Privados de Galicia que finalizaron os estudos correspondentes ó 3º de Bacharelato no curso pasado, tendo de ota media nos tres cursos 8,5 ou máis, poderán concorrer ós Premios Extraordinarios de Bacharelato convocados pola Consellería de Educación.

Os alumnos que desexen optar ó Premio Extraordinario deberán inscribirse no mes de Outubro no Instituto de Bacharelato no que se atope o seu expediente.

As probas para a obtención de este premio realizaránse no mes de Novembro e constarán dunha redacción sobre un tema de carácter xeral, histórico ou literario, nunha tradución directa e inversa da lingua extranxeira cursada polo alumno e cuestións e exercicios prácticos sobre as materias comúns do plan de estudos vixente.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

